

XUNTA DE FACULTADE

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 6 DE NOVEMBRO DE 2020

<p>Asisten:</p> <p><i>Equipo decanal:</i> Prof. Francisco José Torres Pérez (Presidente) Prof. María Antonia Arias Martínez (Secretaria) Prof. María Belén Fernández Docampo Prof. Regina Ibáñez Paz Prof. Lydia Noriega Rodríguez Prof. José Carlos Orge Míguez</p> <p><i>PDI-A:</i> Prof. María Cruz Barreiro Carril Prof. María Isabel Cal Bouzada Prof. Carmen Domínguez Rubira Prof. Pablo Fernández Carballo-Calero Prof. Margarita Fuenteseca Degeneffe Prof. Noemí García Gestoso Prof. Marta García Mosquera Prof. Pablo Grande Seara Prof. Rosa María Loveira Pazó Prof. Ángel Manuel Mariño de Andrés Prof. Rafael Fernández Acevedo Prof. María Teresa Martínez Táboas Prof. Nora Martínez Yañez Prof. Luis Miguel Muleiro Parada Prof. José Ramón Rodríguez Lago Prof. Emma Rodríguez Rodríguez Prof. Carmen Ruiz Hidalgo</p> <p><i>PDI-B:</i> Prof. Ángel Aday Jiménez Alemán Prof. Xosé Pacho Blanco Prof. Alexandre Pazos Pérez Prof. Pablo Riquelme Vázquez Prof. Rosa Rodríguez Martín-Retortillo Prof. Rafael Andrés Velázquez Pérez</p> <p><i>Estudantes-1º/2º ciclo:</i> Dª Paloma Acosta Virzi Dª. Icíá Castro Iglesias D. Cristian Feijoo Iglesias D. Rafael Alejandro Ferreira Pardiñas Dª. Andrea Fragueiro Gargamala D. José Alberto García Gallardo Dª. Xeila Lago López</p>	<p>Acta da Comisión ordinaria da Xunta de Facultade do día 6 de novembro de 2020, convocada por orde do Presidente da mesma, Francisco José Torres Pérez, ás 11:30h en primeira convocatoria, e ás 12:00h en segunda convocatoria, celebrada telematicamente na Aula Virtual “Salón de Graos” da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, coa seguinte punto na orde do día:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Aprobación, se procede, da acta correspondentes a reunión ordinaria de 21 de xullo de 2020 da Xunta de Facultade.2. Informes do Sr. Decano.3. Aprobación, se procede, da modificación das datas de exame do Grao en Dereito, do Grado en Relacións Laborais e Recursos Humanos e do Dobre Grao ADE-Dereito previstos para o día 29 de xaneiro de 2021.4. Aprobación, se procede, do Plan de Acción Titorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo da Facultade.5. Aprobación, se procede, do Procedemento DO-0203 de orientación ao alumnado e atención ás necesidades específicas de apoio educativo.6. Aprobación, se procede, da modificación da normativa interna de centro para a elaboración do Traballo Fin de Grao en Dereito e en Relacións Laborais e Recursos Humanos para o curso 2020-2021.7. Aprobación, se procede, da composición do tribunal encargado de realizar a proposta de Premio Extraordinario do Grao en Dereito8. Aprobación, se procede, da composición do tribunal encargado de realizar a proposta de Premio Extraordinario do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.9. Aprobación, se procede, da delegación na Comisión Permanente da Xunta de Facultade da ratificación das actas elaborados polos tribunais dos premios extraordinarios dos Graos en Dereito e en Relacións Laborais e Recursos Humanos.10. Rolda aberta de intervencións.
--	--

<p>D^a Karolina Laurencja Plaga D^a. Sandra María Martínez Gómez</p> <p><i>Estudantes-3^o ciclo:</i> D^a. Mónica García Freiría</p> <p><i>PAS:</i> D. Manuel Ángel Valcárcel Martínez</p> <p>Desculpan asistencia: Prof. Jaime Aneiros Pereira Prof. María José Bravo Bosch Prof. Gloria Caballero Fernández Prof. Jaime Cabeza Pereiro Prof. Helena Martínez Hens Prof. Anxo Tato Plaza D. Lucas Castro González D^a. Itziar Sobrino García</p>	
---	--

Ás 12:05h do día 6 de novembro de 2020 comeza a reunión da Xunta de Facultade, coa asistencia dos membros enriba enumerados.

1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes á reunión ordinaria de 21 de xullo de 2020 da Xunta de Facultade.

Trala incorporación da alumna Karolina Laurencja Plaga á relación de asistentes a devandita reunión, apróbase por asentimento.

2. Informes do Sr. Decano.

- Informa do estado actual do orzamento e das obras executadas hasta este momento manifestando que as diferentes partidas orzamentarias están xa practicamente esgotadas.
- Informa das obras que están en curso neste momento con cargo ao programa especial consistentes, principalmente, na colocación de abrazadeiras nas portas e ventás que dan ao exterior a cargo da empresa Tecnisal, e a solicitude de orzamentos para acondicionar tanto a aula de videoconferencia (cambio de sistema informático, estores, etc.) como para dotar ó salón de graos dun sistema de videoconferencia.
- En relación coas queixas manifestadas, tanto polo profesorado como polo alumnado, por mor do frío que hai nas aulas do centro, o Decano manifesta que as devanditas aulas están dotadas dun sistema de calefacción por aire que, debido as circunstancias sanitarias actuais, non é posible poñer en funcionamento. Non obstante, informa que o Vicedecano de asuntos xerais e infraestruturas, o profesor José Carlos Orge Míguez, está a traballar nun proxecto que consiste en emparellar á aula física asinada para impartir a docencia teórica cunha correspondente aula de seminario (ventilada e con radiadores tradicionais), tendo en conta días e horas de cada unha das materias, para que, cando asistan á clase menos de dez persoas, o/a profesor/a poida impartir a docencia no seminario parello. Nestes casos, os estudantes que asisten en remoto tamén deberán migrar para a correspondente aula de seminario virtual. Co tal fin se está a elaborar un cadro no que figuren as aulas e os correspondentes seminarios equivalentes que estará permanentemente a disposición do profesorado.

A profesora Nora Martínez Yañez consulta como se vai solucionar o problema das baixas temperaturas nas aulas asignadas ao alumnado dos mestrados, xa que polo número de estudantes que asisten as clases non se poden utilizar aulas de seminarios alternativas. O Decano informa que dende o servizo de prevención recoméndase realizar ao transcurso de cada

hora de docencia unha interrupción de dez minutos para ventilar a aula en vez de manter abertas portas e ventás durante toda a tarde.

A profesora Nora Martínez Yañez solicita que se realice un estudio para acadar unha solución ante o frío nestas aulas e que se consulte co servizo de prevención de riscos xa que é unha cuestión de seguridade e de saúde.

O alumno Cristian Feijoo Iglesias toma a palabra e, en representación do alumnado do Mestrado en avogacía, manifesta que a temperatura que se experimenta na aula, inferior á contemplada na normativa de prevención de riscos laborais, fai imposible obter unha docencia presencial de calidade.

O Decano manifesta que se tratará de encontrar unha solución e que se elevará esta queixa xeneralizada á Reitoría.

- A cafetería da Facultade continuará aberta a partir do luns polo tanto no se ve afectada polo peche anunciado polo Goberno.

- Como responsable COVID da Facultade o Decano informa que neste momento están en corentena os dous casos confirmados por PCR positivo sen contactos estreitos no Centro. En canto aos test serolóxicos realizados pola Universidade aos que voluntariamente poido someterse o alumnado da Facultade, o Decano informa que se fixeron a proba un total de 254 estudantes do centro resultando tres casos positivos. Posteriormente, trala realización das correspondentes PCR confirmaríase como positivo só un deles.

- A solicitude da Vicerreitoría de Planificación, enviouse ao alumnado un cuestionario co fin de que indiquen si necesitan algún material informático en caso de que a docencia pase a ser integramente *on line*. Este formulario tamén se remitirá ao profesorado do Centro.

- Proximamente repartiranse, a solicitude do Vicerrectorado de planificación, entre o profesorado permanente do Centro que impartiu docencia no primeiro cuadrimestre unhas tabletas gráficas. Si houbese, puntualmente, algunha persoa que necesita un ordenador coas características dos adquiridos pola reitoría pode solicitar o cambio da tableta gráfica por un daqueles. En todo caso, no segundo cuadrimestre farase unha chamada aos centros para que facilitemos unha listaxe co profesorado que terá docencia no segundo cuadrimestre co fin de facilitarlles tamén este material informático.

- Nova subscrición á biblioteca virtual Tirant dende o 15 de outubro de 2020 ata o 15 de outubro de 2021.

- Nomeamento do profesor Ángel Aday Jiménez Alemán como secretario do Mestrado en Avogacía.

- Agradece ás áreas que sigan realizando xornadas, congresos, etc. Están tendo bo acollida e lle dan moita visibilidade á Facultade.

3. Aprobación, se procede, da modificación das datas de exame do Grao en Dereito, do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos e do Dobre Grao ADE-Dereito previstos para o día 29 de xaneiro de 2021.

A Vicedecana e coordinadora do Grao en Dereito, a profesora Lidia Noriega Rodríguez, manifesta que os tres exames previstos do Grao en Dereito para o día 29 xaneiro (Dereito Romano, Dereito Penal I e Dereito Concursal) pasarán a celebrarse o día 28.

A Vicedecana e coordinadora do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, a profesora Belén Fernández Docampo, aclara que non hai exames de materias correspondentes ao devandito Grao previstos para o 29 de xaneiro.

O Vicedecano e coordinador do dobre Grao ADE-Dereito, o profesor José Carlos Orge Míguez, expón que todos os exames das materias correspondentes a este grao pasarán a celebrarse o 28 de xaneiro.

Apróbanse por asentimento os cambios propostos.

4. Aprobación, se procede, do Plan de Acción Titorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo da Facultade.

A Vicedecana de calidade, a profesora Regina Ibáñez Paz, pon de manifesto que este documento foi previamente validado na Comisión de Calidade celebrada o pasado 28 de outubro. Trátase

dun documento adaptado ao novo procedemento remitido pola área de calidade que reúne o que, ata o de agora, estaba espallado en dous documentos distintos, Plan de Acción Titorial e Plan de atención ás necesidades específicas.

Apróbase por asentimento.

5. Aprobación, se procede, do Procedemento DO-0203 de orientación ao alumnado e atención ás necesidades específicas de apoio educativo.

A Vicedecana de calidade, a profesora Regina Ibáñez Paz, explica que este é un documento elaborado pola área de calidade pero que para a súa implantación é preceptiva a previa validación polas comisións de calidade do centros e posterior aprobación nas xuntas de facultade.

Apróbase por asentimento.

6. Aprobación, se procede, da modificación da normativa interna de centro para a elaboración do Traballo Fin de Grao en Dereito e en Relacións Laborais e Recursos Humanos para o curso 2020-2021.

A Secretaria académica da Facultade, a profesora María Antonia Arias Martínez, expón que a modificación normativa que se somete a aprobación da Xunta consiste en darlle ao alumnado matriculado na materia de TFG a posibilidade de optar, para a defensa e avaliación do TFG, presentarse ante un tribunal unipersoal, conformado polo seu titor ou titora, ou ante un tribunal colexiado conformado por tres profesores do Centro. No primeiro caso podería acadar unha cualificación máxima de notable (8) e no segundo caso podería chegar a obter a cualificación de sobresaliente e matrícula de honra.

Ábrase un debate no que o profesor Xosé Manuel Pacho Blanco manifesta que, dende o punto de vista xurídico, xórdenlle dúbidas en torno á posibilidade de establecer diferencias entre a cualificación que o estudante pode acadar segundo sexa examinado por un tribunal unipersoal ou por un de carácter colexiado. Pola contra a profesora Noemí García Gestoso, considera que está xustificada a limitación da cualificación máxima cando a defensa se realiza ante un tribunal unipersoal polo feito de que está conformado polo propio/a titor/a do TFG, tendo a defensa ante un tribunal colexiado unha maior garantía de imparcialidade. Por esta razón entende a citada profesora que ten suficiente sostén xurídico a proposta sometida a aprobación. Neste mesmo sentido manifesta a súa opinión o Profesor Pablo Fernández Carballo-Calero e a profesora Carmen Ruiz Hidalgo propoñendo, esta última, que a composición dos tribunais colexiados sexa o máis especializada posible para poder realizar unha mellor avaliación dos traballos.

O profesor Pacho Blanco, expresa o seu desacordo co feito de que o tribunal unipersoal estea integrado polo propio titor. Neste sentido, os estudantes Dna. Andrea Fragueiro Gargamala e D. Cristian Feijoo Iglesias propoñen a posibilidade de que o estudante acade o máxima cualificación tanto ante o tribunal colexiado como unipersoal conformado, este último, por un docente distinto do director/a do TFG.

Tras o debate sométese a votación dos membros da Xunta de Facultade a proposta de modificación normativa de elaboración de TFG resultado aprobada con 23 votos a favor, 5 votos en contra y 6 abstencións.

7. Aprobación, se procede, da composición do tribunal encargado de realizar a proposta de Premio Extraordinario do Grao en Dereito

Proponse que o tribunal encargado de realizar a proposta de Premio Extraordinario do Grado en Dereito estea conformado por:

- Profesor Francisco José Torres Pérez (Presidente)
- Profesora María Antonia Arias Martínez (Secretaria)
- Profesora Lidia Noriega Rodríguez (Vogal)

Apróbase a proposta por asentimento.

8. Aprobación, se procede, da composición do tribunal encargado de realizar a proposta de Premio Extraordinario do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.

Proponse que o tribunal encargado de realizar a proposta de Premio Extraordinario do Grado en Relacións Laborais e Recursos Humanos estea conformado por:

- Profesor Francisco José Torres Pérez (Presidente)
- Profesora María Antonia Arias Martínez (Secretaria)
- Profesora María Belén Fernández Docampo (Vogal)

Apróbase a proposta por asentimento.

9. Aprobación, se procede, da delegación na Comisión Permanente da Xunta de Facultade da ratificación das actas elaborados polos tribunais dos premios extraordinarios dos Graos en Dereito e en Relacións Laborais e Recursos Humanos.

Apróbase por asentimento.

10. Rolda aberta de intervencións

Intervén o alumno Cristian Feijoo Iglesias agradecendo, en primeiro termo, a todos os integrantes da comunidade universitaria e, especialmente, a quen integra os órganos de dirección do Centro os esforzos realizados nestes días tan difíciles. En segundo termo manifesta que cando chegan a aula polas tardes encóntranse con resto de lixo, xa que logo traslada ao equipo decanal a preocupación dos seus compañeiros e a súa propia, en relación co cumprimento do protocolo de limpeza das aulas.

O Decano agradece á información que facilita o estudante e comprométese a falar coa empresa concesionaria do servizo de limpeza para que se cumpra o protocolo asinado unha vez declarado o estado de pandemia que implica un reforzo na limpeza das aulas.

Para finalizar o Decano agradece a todos a asistencia e participación na Xunta de Facultade.

Sendo as 14: 15h, levántase a sesión.

Secretaria
María Antonia Arias Martínez

V. e Pr. do Presidente
Francisco José Pérez Torres